



FICHA RESUME

Ano	2009	PE403A 2008/96-1
Entidade	CONFRARIA DE AGUIÑO	
Plan explotación(1)	NAVALLA	
Réxime (2)	AUTORIZACION	
Modalidade (3)	APNEA E SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

ESPECIES	Navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> )
Ambito do plan	Zonas de autorización
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
	19	36
Ampliación do número de permex (4)		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción				110 (ver consideracións)								
Época y zona probable de extracción (5) .												
Modalidade(3):												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción (5)												
Modalidade(3):												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	

Topes de captura(6)			
Species	A pé	kg/embarcación/día	kg/mergullador/día
Navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> )		30	15

Artes a empregar	Mergullo en apnea. Subministro de aire dende superficie
------------------	--

Puntos de control	Zonas de traballo e punto de descarga (peirao de Aguiño )
Puntos de venda	Lonxa de Aguiño (vendeduria da confraría )

Accións a realizar (7)	Epocas probables (8)											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improditivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



<b>Extracción semente para resembrar</b>														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Sementeiras</b>														
Zonas: Barreiro – Castro e Sálvora														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Traslados</b>														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Rareos</b>														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Sálvora e Carreira - Castro														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
<b>Outros</b>														

**Outras consideracións:**

**Ambito do plan:** nas autorizacións administrativas da confraría que se subdivida en tres zonas.

- Zonas A e C: comprendida entre praia de Aguiño, Petóns de Centoleira, Con de Agosto e praia de Carreira e illote Rabuda, illote Redonda Vella e punta do Castro
- Zona B: comprendida entre o norte de Vionta, Cabaceiro Grande, punta Castillo e punta Lagos. Esta zona está dentro dos límites do P.N. Illas Atlánticas.

**Participantes:** na ficha resumo do plan indican un total de 38 tripulantes, entendéndose como un total de cotas ou habilitacións, pero hai un erro na suma, xa que son 36 cotas; non obstante, na relacións de embarcacións que remiten no plan está correcta a asignación de cotas ás embarcacións con recurso específico navalla-longueirón Z3 no seu permiso de explotación.

**Ampliación:** solicítase un incremento de 47 embarcacións, o que suporía aumentar nun 147% do esforzo pesqueiro autorizado, ademais dun aumento de 17 días, o que implicaría un incremento dun 320% (considerando que a cada embarcación se lle pudiera asignar 2 habilitacións). Entre os anos 2006 e 2008 este plan experimentou dúas ampliacións sucesivas de habilitacións, pasando de 19 a 36 habilitación, o que representa un aumento do esforzo dun, 90% en dous anos. Así pois, non se consider viable o incremento solicitado respecto ao número de embarcacións, xa que semella máis prudente esperar a ter información suficiente da evolución dos bancos antes de considerar novas ampliacións, sumado ademais ao feito de que no último concurso quedaron sen adxudicar dúas habilitacións.

**Calendario:** respecto do aumento dos días de actividade, pasando de 103 a 120, hai que sinalar que nos últimos anos (2004 a 2007) a media de días traballados foi de 82, aínda que houbera un



incremento continuo dos días traballados ao longo deses anos, sendo 93 días para o ano 2007, e parece que no presente ano non se superará esa cifra.

Tendo en conta o estado do recurso, que ata o de agora, non deu síntomas de resentirse debido á explotación a que se ve sometido, considérase que un aumento de 7 días, o que representa un 7% de aumento do esforzo pesqueiro respecto ao ano 2008 é perfectamente asumible, polo que o número máximo de días autorizados é de 110. Non obstante, xa que parte da actividade se desenvolve dentro dos límites do P.N. Illas Atlánticas **a ampliación do número de días dentro da área do Parque queda supeditada ao informe emitido polo Parque Nacional.**

**Cotas máximas de captura:** a cota máxima é de 15 kg/mergullador/día. As cotas máximas para as embarcacións establécense en función dos mergulladores con habilitación que estean debidamente enrolados e a bordo, cun máximo de 30 kg/embarcación/día.

#### **Mergullo:**

Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos na relación mensual mentres non este renovada. , non acredita o certificado de mariscador a mergullo. , tampouco acredita o certificado de mariscador a mergullo

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2009.**

No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente,** considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, **será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo**

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.
- Fotocopia das titulacións de todos os mergulladores participantes no plan. Só fan constar a titulación dalgún deles

#### **PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS:**

Non existe obxección para a autorización do plan dentro dos límites do parque Nacional coa condicións de que se respecten:

- Non debe incrementarse o esforzopesqueiro con respecto ao ano 2008



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PESCA

E ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 544 007 – Fax 981 545 025

Por iso, infórmase desfavorablemente o aumento do esforzo pesqueiro solicitado, no ámbito do territorial do Parque. Pídese un aumento do esforzo de máis do 200% e non se achega un estudo que xustifique devandita solicitude.

Infórmase desfavorablemente a extracción nas zonas de maërl. No caso do arquipélago de Sálvora, a zona de fondos maParque informa desfavorablemnte calquera aumento do esforzo pesqueiro no ámbito territorial do Parque.

Considérase necesaria a creación dun Punto de control para as extraccións na zona do Parque e a remisión trimestral dos datos (días de extracción, número de embarcacións, mariscadores, kg extraídos por embarcación, etc).